

A venus de Ille

Prosper Mérimée

Tradución de Emma Lázare



Prosper Mérimée

A Venus de Ille

Versión galega de Emma Lázare

Baixaba pola última ladeira do Canigou (1) e, aínda que xa se puxera o sol, distinguía pola chaira as casas da pequena vila de Ille, cara á que me dirixía.

—¿Vostede sabe —díxenlle ó catalán que me facía de guía dende a véspera—, vostede sabe, sen dúbida, onde vive o señor de Peyrehorade?

—¡Vaia se o sei! —exclamou—. Coñezo a súa casa coma a miña, e se non estivese tan escuro habíalla ensinar. É a máis fermosa de Ille. Ten diñeiro, si, o señor de Peyrehorade; e casa o fillo cunha moza aínda máis rica ca el.

—¿E ese casamento vai ser pronto? —pregunteille eu.

—¡Pronto! Pode que xa estean contratados os violíns para a voda. Esta noite, quizais, mañá, pasado mañá, ¡que sei eu! Será en Puygarrig, porque o fillo do señor casa coa señorita de Puygarrig. ¡Vai ser fermoso, si!

Eu ía recomendado ó señor de Peyrehorade polo meu amigo o señor de P. Era, díxerame el, un anticuario moi instruído e dunha amabilidade a toda proba. Estaría encantado de amosarme tódalas ruínas en dez leguas á redonda. Así que contaba con el para visita-los arredores de Ille, que eu sabía ricos en monumentos antigos e da Idade Media. Este casamento, do que me falaban agora por primeira vez, alteraba tódolos meus planos.

—Vou ser un estragafestas —pensei. Pero xa me estaban agardando; anunciado polo señor de P., non me quedaba máis remedio que presentarme.

—¿Apostamos, señor —díxome o meu guía cando xa íamos pola chaira—, apostamos un xaruto a que adiviño a que vén vostede á casa do señor de Peyrehorade?

—Pois —respondín eu, ofrecéndolle o xaruto—, non lle é moi difícil de saber. A estas horas, despois de andar seis leguas polo Canigou, o asunto principal é cear.

—Si, ¿pero mañá?... Mire, xuraría que vén vostede a Ille para ve-lo ídolo, adiviñeino cando lle vin saca-los retratos dos santos de Serrabona (2).

—¡O ídolo! ¿Que ídolo? —esta palabra excitara a miña curiosidade.

—¡Como! ¿Non lle contaron en Perpiñán que o señor de Peyrehorade atopara un ídolo enterrado?

—¿Quere vostede dicir unha estatua de terracota, de arxila?

—Non, non. De cobre, si, e debe valer ben cartos. Pésalle tanto coma unha campá de igrexa. Atopámola moi fonda na terra, ó pé dunha oliveira.

—¿E logo assistiu vostede a ese descubrimento?

—Si señor. O señor de Peyrehorade dixéranos, hai quince días, a Jean Coll e a min, que arrincasemos de raíz unha oliveira vella que levara a xeadada o ano pasado, que foi moi malo, como saberá vostede. E velaí que segundo traballaba, Jean Coll, que lle daba duro, pega co pico e oio pim... coma se dera nunha campá. “¿Que é iso?”, digo eu. Seguimos cavando, cavando, e alí aparece unha man negra que semellaba a man dun morto saíndo da terra. Eu collo medo. Vou onda o señor e dígolle: “¡Mortos, amo, debaixo da oliveira! Hai que chamar ó cura”. “¿Que mortos?”, dime el. Alá vén, e aínda non ben vira a man, berra: “¡Unha antigüidade! ¡Unha antigüidade!” Calquera diría que atopara un tesouro. E ponse el coa pala, coas mans, a trasfegar, que case facía tanto coma nó-los dous.

—Pero, en fin, ¿que atoparon ?

—Unha muller grande, negra, medio espida, desculpando señor, toda de cobre, e o señor de Peyrehorade díxonos que era un ídolo do tempo dos pagáns... ¡Do tempo de Carlomagno, vaia !

—Xa vexo... Algunha Virxe de bronce dun convento derruído.

—¡Unha Virxe! ¡Ai si ho!... Ben llo había coñecer eu, se fose unha Virxe. É un ídolo, dígollo eu; ben se lle ve pola pinta. Fixa a vista nun con eses grandes ollos brancos... parece coma se o observase. Baixa un os ollos, ¿eh?, cando mira para ela...

—¿Ollos brancos? Sen dúbida están incrustados no bronce. Será quizais algunha estatua romana.

—¡Romana!, iso é. O señor de Peyrehorade di que é unha romana. ¡Ah!, ben se ve que vostede é un sabio coma el.

—¿E está enteira, ben conservada?

—¡Ai! señor, non lle falta de nada. Aínda é máis fermosa e máis feita có busto de Luís Filipe (3) de escaiola pintada que está no concello. Pero, con todo, a cara dese ídolo non lle me cae nada ben. Ten cara de mala... e é mala.

—¡É mala! ¿Que maldade lle fixo a vostede?

—A min precisamente non; pero xa verá. Eramos catro para poñela de pé, e máis o señor de Peyrehorade, que tamén tiraba da corda, ¡aínda que non lle ten máis forza ca un pito, o bo do home! Con moito traballo poñémola de pé. Eu estaba arrimando un anaco dunha tella para calzala, cando ¡pumba!, cae para atrás toda ela. Eu dixen: “¡Coidado aí embaixo!” Pero non axiña abondo porque Jean Coll non tivo tempo de saca-la perna...

—¿E resultou ferido?

—¡Partiulle coma unha estaca a pobre da perna! ¡Coitado! cando o vin, púxenme furioso. Quixen desfacer-lo ídolo a golpes co pico, pero o señor

de Peyrehorade detívome. Deulle cartos a Jean Coll, que aínda lle está na cama e iso que xa hai quince días que lle ocorreu isto, e o médico di que nunca ha andar con aquela perna igual que coa outra. É mágoa, porque era o noso mellor corredor e, despois do fillo do señor, o xogador de pelota máis listo. Por iso o señor Alphonse de Peyrehorade se puxo tan triste, porque era con Coll con quen botaba os partidos. Era bonito ver como se mandaban as pelotas. ¡Paf! ¡Paf! Nunca tocaban o chan.

Conversando desta sorte entramos en Ille, e axiña me encontrei ante a presenza do señor de Peyrehorade. Era un velliño garboso aínda e disposto, empoado, co nariz vermello, de aspecto xovial e burlón. Antes de abri-la carta do señor de P. xa me instalara ante unha mesa ben servida e presentárame á súa muller e ó seu fillo como arqueólogo ilustre que ía sacar ó Rosellón do esquecemento en que o deixara a indiferencia dos sabios.

Mentres comía con bo apetito, porque non hai nada que dispoña mellor có aire vivo das montañas, examinaba os meus anfitrións. Xa dixen algo sobre o señor de Peyrehorade; teño que engadir que era a vivacidade mesma. Falaba, comía, erguíase, corría á súa biblioteca, traíame libros, mostrábame imaxes, servíame de beber; non paraba máis de dous minutos. A súa dona, un pouquiño demasiado gorda, coma a maioría das catalanas cando pasan dos corenta, pareceume unha auténtica provinciana, ocupada unicamente dos coidados do fogar. Aínda que a cea fose suficiente para seis persoas polo menos, correu á cociña, mandou matar uns pombos, fritir uns pasteis de millo, abriu non sei cantos tarros de marmelada. Nun instante a mesa quedou ateigada de bandexas e de botellas, e certamente morrería de indigestión só con probar todo o que me ofrecían. Sen embargo, a cada prato que eu rexeitaba, producíanse novas escusas. Temían que non me atopase ben en Ille. ¡En provincias hai tan poucos recursos e os parisienses son tan difíciles!

Entre as idas e vindas de seus pais, o señor Alphonse de Peyrehorade non se movía máis ca un chanto. Era un mozote de vinteseis anos, de fermosa e regular fisionomía, pero falta de expresión. A súa talla e formas atléticas xustificaban sobradamente a reputación de infatigable xogador de pelota da que gozaba na rexión. Aquela noite ía vestido con elegancia, exactamente coma o gravado do último número do Xornal da moda. Pero parecía incómodo dentro da roupa, estaba teso coma un pao no seu colo de veludo, e xiraba todo dunha peza. As súas mans grosas e curtidas, as unllas curtas, contrastaban singularmente co traxe. Eran unhas mans de labrador saíndo das mangas dun dandi. Por outra banda, aínda que me observase da cabeza ós pés con moita curiosidade pola miña condición de parisiense, non me dirixiu a palabra máis ca unha soa vez en toda a noite, foi para me preguntar onde comprara a cadea do reloxo.

—¡Ben, ben! querido hóspede —díxome o señor de Peyrehorade contra a fin da cea—, pertéceme vostede, está na miña casa. Xa non o solto ata

que teña visto todo o que temos de curioso nestas montañas. Ten que aprender a coñece-lo noso Rosellón, e a facerlle xustiza. Nin sospeita todo o que lle imos amosar. Monumentos fenicios, celtas, romanos, árabes, bizantinos, verá todo, dende o cedro ata o hisopo. Heino levar a todas partes e non lle hei perdoar nin un ladrillo.

Un acceso de tose obrigouno a calar. Aproveitei para dicirlle que sentiría moito molestar nunha circunstancia tan importante para a súa familia. Se tiña a amabilidade de darme os seus excelentes consellos para as excursións que debía facer, podería eu, sen que el pasase o traballo de me acompañar...

—¡Ah!, fala vostede do casamento deste rapaz —exclamou el, interrompéndome—. ¡Parvadas!, iso será pasado mañá. Vostede celebrará a voda connosco, en familia, porque a futura está de loito por unha tía que lle deixou a herdanza. Así que nada de festa, nada de baile... É mágoa... Vería vostede danza-las nosas catalanas... Son bonitas, e se cadra entrábanlle ganas de imitar ó meu Alphonse. Unha voda, segundo se di, trae outras... O sábado, casados os rapaces, quedo libre, e poñémonos de camiño. Pídlle perdón polo tedio dunha voda de provincias. Para un parisiense enfasiado de festas... ¡E por riba unha voda sen baile! Sen embargo, verá vostede unha noiva... unha noiva... xa me contará... Pero é vostede un home serio e xa non mira ás mulleres. Teño algo mellor que amosarlle. ¡Heille de ensinar unha cousa!... Resérvolle unha boa sorpresa para mañá.

—¡Meu Deus! —díxenlle eu—, é difícil ter un tesouro na casa sen que o saiba todo o mundo. Creo adiviña-la sorpresa que me prepara. Pero se é que se trata da súa estatua, a descrición que me fixo o guía só serviu para excita-la miña curiosidade e dispoñerme á admiración.

—¡Ah!, ¡ah! ¡Faloulle do ídolo, porque é así como eles lle chaman á miña fermosa Venus Tur... pero non quero dicirlle nada. Mañá, á luz do día, ha vela vostede, e xa me dirá se teño razón en crer que é unha obra de arte. ¡Abofé!, ¡non podía vostede chegar máis oportunamente! Hai unhas inscricións que eu, pobre ignorante, explico á miña maneira... ¡Pero un sabio de París...! Quizais se burle vostede da miña interpretación... pois escribín unha memoria... eu que lle falo... vello anticuario de provincias, lanceime... Quero facer que sufra a prensa... Se fíxese o favor de lela e de corruxila, podería esperar... Por exemplo, teño curiosidade por saber cómo traduciría vostede esta inscrición do zócalo CAVE... ¡Pero aínda non quero preguntarlle nada! ¡Ata mañá, ata mañá! ¡Nin unha palabra máis sobre a Venus, hoxe!

—Fas ben, Peyrehorade —dixo a súa muller—, en deixar aló o teu ídolo. ¿Non te decatás de que non deixas comer ó señor? Anda, o señor ten visto en París estatuas ben máis bonitas cá túa. Nas Tullerías (4) hai dúcias delas, e de bronce tamén.

—¡Velaquí a ignorancia, a santa ignorancia de provincias! —interrompeu o señor de Peyrehorade—. ¡Comparar unha antigüidade

admirable coas vulgares figuras de Coustou!

¡Con que irreverencia fala
dos deuses a miña muller!(5)

¿Sabe vostede que a miña muller quería que fundise a estatua para facer unha campá para a nosa igrexa? Así ela sería a madriña. ¡Unha obra de arte de Mirón, señor!

—¡Obra de arte, obra de arte! ¡Vaia obra de arte a que fixo ela! ¡Parti-la perna dun home!

—Muller, ¿ves? —dixo o señor de Peyrehorade, con ton resolto e estendendo cara a ela a perna dereita con media de seda debuxada —se a miña Venus rompese esta perna, non o sentiría nada.

—¡Xesús!, Peyrehorade, ¡como podes dicir iso! Por sorte o home vai mellor... E aínda non podo soportar nin mirar unha estatua que provoca desgracias así. ¡Pobre Jean Coll!

—Ferido por Venus, señor —dixo Peyrehorade, cunha gargallada—, ferido por Venus; o parvo aínda se queixa.

Veneris nec praemia noris. (6)

¿Quen non foi ferido por Venus?

O señor Alphonse, que entendía o francés mellor có latín, chiscou un ollo con aire intelixente, e miroume como preguntando: “¿E vostede, parisiense, comprende?”

Terminou a cea. Xa había unha hora que eu non comía nada. Estaba canso e non daba disimulado os frecuentes bocexos que me escapaban. A señora de Peyrehorade foi a primeira en darse conta e fixo ver que xa era hora de ir durmir. Entón comezaron de novo as desculpas sobre o mal aloxamento que ía ter. Non ía estar como en París. ¡En provincias estase tan mal! Tiña que ser indulxente cos roselloneses. Por máis que protestei que despois dunha andada polas montañas un feixe de palla sería unha cama deliciosa, seguíronme pedindo que perdoase a uns pobres aldeáns se non me trataban tan ben como desexarían. Subín, por fin, ó cuarto que me estaba destinado, acompañado polo señor de Peyrehorade. A escaleira cos chanzos superiores de madeira, desembocaba no medio dun corredor ó que daban varios cuartos.

—Á dereita —díxome o meu anfitrión— están os cuartos que lle destino á futura señora de Alphonse. O seu cuarto está ó final do corredor oposto. Xa comprenderá vostede —engadiu, cun ton que pretendía ser fino—, xa comprenderá que cómpre illar ós acabados de casar. Vostede está nun extremo da casa, eles no outro.

Entramos nun cuarto ben amoblado onde o primeiro obxecto no que me foron da-los ollos foi un leito de sete pés de longo, seis de ancho e tan alto que cumpría unha banquetta para se empoleirar nel. O meu anfitrión, tras indicarme a posición da timbre e da campaiña e de asegurarse por si mesmo de que o azucreiro estaba cheo e os frascos de auga de colonia debidamente colocados sobre o lavabo, e despois de me preguntar varias

veces se non me faltaba de nada, deume as boas noites e deixoume só.

As ventás estaban pechadas. Antes de me espir abrín unha para respira-lo aire fresco da noite, delicioso despois dunha longa cea. En fronte aparecía o Canigou, cun aspecto admirable sempre, pero que me pareceu aquela noite a máis fermosa montaña do mundo, iluminado, como estaba, por unha lúa resplandecente. Permanecín uns minutos contemplando a súa marabillosa silueta, e xa ía pecha-la ventá, cando, baixando os ollos, albisquei a estatua sobre un pedestal a unhas vinte toesas (7) da casa. Estaba situada na esquina dunha sebe viva que separaba un pequeno xardín dun vasto terreo cadrado perfectamente liso que, como souben máis tarde, era o de xogo de pelota da vila. Aquel terreo, propiedade do señor de Peyrehorade, fora cedido por el á comunidade ante as prementes demandas do seu fillo.

Á distancia á que estaba érame difícil distingui-la actitude da estatua; non podía xulgar máis que sobre a súa altura, que me pareceu de seis pés aproximadamente. Nese momento, dous trasnos da vila pasaban polo terreo de xogo, bastante preto da sebe, asubiando a bonita canción do Rosellón: “Montagnes régáladés”. Pararon para mira-la estatua; un deles incluso a apostrofou en voz alta. Falaba catalán; pero eu levaba tempo bastante no Rosellón como para poder comprender máis ou menos o que dicía.

—¡Ai logo estás aí, pillabana! —o termo catalán era máis enérxico—. ¡Estás aí! —dicía—. ¡Así que es ti a que lle partiu a perna a Jean Coll! Se foses miña partíache o pescozo.

—¡Boh ! ¿e con que? —dixo o outro—. É de cobre, e tan dura que Étienne rompeu a lima nela intentando limala. É cobre do tempo dos pagáns; é máis duro que non sei.

—Se tivese aquí o cortafrío —semella que era un aprendiz cerralleiro—, habíalle facer saltar eses grandes ollos brancos coma quen saca unha améndoa da casca. Hai prata por máis de cen moedas.

Deron uns pasos afastándose.

—Téñolle que da-las boas noites ó ídolo —dixo o máis grande dos aprendices, parando de repente.

Baixouse, e probablemente colleu unha pedra. Eu vinlle estalica-lo brazo, lanzar algo, e inmediatamente un golpe sonoro retumbou no bronce. No mesmo instante, o aprendiz levou a man á cabeza dando un grito de dor.

—¡Devolveuma! —berrou.

E os meus dous trasnos fuxiron a todo correr. Era evidente que a pedra rebotara no metal e castigara ó tunante pola aldraxe que lle fixera á deusa.

Pechei a ventá, rindo de boa gana.

¡Outro vándalo máis castigado por Venus! ¡Oxalá tódolos que destrúen os nosos vellos monumentos apañasen así unha pedra na testa!

Con este caritativo desexo, quedei durmido.

Xa era completamente de día cando acordei. Xunto ó meu leito estaban, a un lado o señor de Peyrehorade, en bata, ó outro, un criado que mandara a súa muller, cunha cunca de chocolate na man.

—¡Veña, en pé, parisiense! ¡Ai estes lacazáns da capital! —diciá o meu anfitrión mentres eu me vestía a escape—. ¡As oito e aínda na cama! Eu estou levantado dende as seis. Xa é a terceira vez que subo, achegueime á súa porta nas puntas dos pés: nada, non había sinais de vida. Halle facer mal durmir tanto á súa idade. ¡E a miña Venus, aínda non a viu! Veña, tómeme axiña esta cunca de chocolate de Barcelona... De auténtico contrabando... Un chocolate do que non hai en París. Colla forzas, porque cando estea diante da miña Venus, non haberá quen o saque de alí.

En cinco minutos estiven listo, é dicir, medio afeitado, mal abotoado, e queimado co chocolate que traguei fervendo. Baixei ó xardín e atopeime diante dunha admirable estatua.

Era, en efecto, unha Venus, e dunha marabillosa beleza. Tiña a parte de arriba do corpo núa, tal como os antigos representaban xeralmente as grandes divindades; a man dereita, levantada á altura do seo, estaba virada, a palma cara a dentro, o polgar e os dous primeiros dedos estendidos, os outros dous lixeiramente dobrados. A outra man, preto da cadeira, sostíña o pano que cubría a parte inferior do corpo. A actitude desta estatua recordaba á do xogador de *morra* (8), que se designa, non sei por qué, co nome de Germanicus. Quizais quixeran representar á deusa xogando ó xogo da morra.

Sexa como for, é imposible ver algo máis perfecto có corpo daquela Venus; nada máis suave e máis voluptuoso có seu contorno; nada máis elegante e máis nobre có seu pano. Eu esperaba algunha obra do Baixo Imperio; vía unha obra mestra da mellor época da estatuaria. O que me sorprendía, sobre todo, era a exquisita veracidade das formas, de sorte que parecían moldeadas sobre a natureza, se a natureza producise tan perfectos modelos.

A cabeleira, alzada sobre a fronte, parecía ter sido dourada outrora. A cabeza, pequena coma a de case tódalas estatuas gregas, estaba lixeiramente inclinada cara a adiante. En canto á cara, nunca lograrei expresa-lo seu estraño carácter, o tipo da cal non se aproximaba ó de ningunha outra estatua antiga que eu recordase. Non era esa beleza tranquila e severa dos escultores gregos que, por sistema, daban a tódolos trazos unha maxestosa inmovilidade. Aquí, polo contrario, observaba con sorpresa a marcada intención do artista de expresa-la malicia chegando ata a maldade. Tódolos trazos estaban lixeiramente contraídos: os ollos un pouco oblicuos, as comisuras dos labios levantadas, os orificios do nariz un algo inchados. Desdén, ironía, crueldade, líanse sobre aquel rostro, con todo, dunha increíble fermosura. En verdade, canto máis se contemplaba aquela admirable estatua, máis se experimentaba un penoso sentimento por que unha beleza tan marabillosa se puidese asociar coa ausencia de toda sensibilidade.

—Se o modelo existiu algunha vez —díxenlle ó señor de Peyrehorade—, e dubido de que o ceo teña producido xamais semellante muller, compadezo ós seus amantes. Debeuse compracer en facelos morrer de desesperación. Hai algo feroz na súa expresión, e sen embargo nunca vin nada tan fermoso.

—¡É Venus enteira aferrada á súa presa! (9) —exclamou o señor de Peyrehorade, satisfeito do meu entusiasmo.

Aquela expresión de ironía infernal víase aumentada, quizais, polo contraste entre os ollos incrustados, de prata e moi brillantes, e a pátina verde escuro que lle dera o tempo a toda a estatua. Aqueles ollos brillantes producían unha certa ilusión de realidade, de vida. Recordei o que me dixera o guía, que lles facía baixa-los ollos ós que a miraban. Era case certo, e non puiden evitar un movemento de cólera contra min mesmo ó sentirme un pouco incómodo ante aquela figura de bronce.

—Agora que xa admirou cada detalle, benquerido colega en antigallaría —dixo o meu anfitrión—, abramos, se lle parece, unha conferencia científica. ¿Que di vostede desa inscrición na que aínda non reparou?

Amosábame o zócalo da estatua, e alí lin estas palabras:

CAVE AMANTEM.

—Quid dicis doctissime? —preguntou, refregando as mans—. A ver se coincidimos sobre o sentido deste cave amantem.

—Pois —respondín eu—, hai dous significados. Pódese traducir: "Ten coidado con quen te ama, desconfía dos amantes ". Pero neste sentido non sei se ese cave amantem sería bo latín. Vendo a expresión diabólica da dama eu inclínome a pensar máis ben que o artista quixo poñer en garda ó espectador contra esta terrible beleza. Así que eu traduciría: "Ten coidado se ela te ama".

—¡Hum! —dixo o señor de Peyrehorade—, si, é unha versión admirable; pero, que non lle pareza mal, eu prefiro a primeira tradución, que explicarei, sen embargo. ¿Vostede coñece ó amante de Venus?

—Hai varios.

—Si, pero o primeiro é Vulcano. ¿Non se quixo dicir: "A pesar da túa beleza, do teu aire desdeñoso, terás un ferreiro, un coxo feo por amante"? ¡Lección profunda, señor, para as coquetas!

A explicación pareceume tan improbable que non puiden evitar sorrir.

—O latín é unha lingua terrible, coa súa concisión —observei, para evitar contradicir formalmente ó meu anticuario, e retrocedín algúns pasos para contemplar mellor a estatua.

—¡Un instante, colega! —dixo o señor de Peyrehorade, colléndome polo brazo—, aínda non viu vostede todo. Hai outra inscrición máis. Suba ó zócalo e mire no brazo dereito —dicindo isto, axudoume a subir.

Agarreime sen moitos miramentos ó colo da Venus coa que xa empezaba a familiarizarme. Mesmo a mirei un instante por diante dos fociños, e atopeina, de cerca, aínda máis malvada e aínda máis fermosa.

Despois recoñecín que había, gravados no brazo, algúns caracteres de antiga escritura cursiva, segundo me pareceu. Con moita axuda de anteollos deletreei o seguinte, mentres o señor de Peyrehorade repetía cada palabra a medida que eu a pronunciaba, aprobando co xesto e coa voz. Leo, logo:

VENERI TVRBVL...
EVTYCHES MYRO
IMPERIO FECIT

Despois da palabra TVRBVL da primeira liña pareceume que había algunhas letras borradas; pero TVRBVL era perfectamente lexible.

—¿O cal quere dicir...? —preguntoume o meu anfitrión, radiante e sorrindo con malicia, pois pensaba que eu non resolvería facilmente ese TVRBVL.

—Hai unha palabra que aínda non me explico ben —dixen eu—; todo o resto é doado. Eutiches Mirón fixo esta ofrenda a Venus por orde súa.

—De marabilla. Pero TVRBVL, ¿que fai vostede con iso ? ¿Que é ese TVRBVL?

—TVRBVL ponme nun apuro. Busco en van algún epíteto coñecido de Venus que me poida axudar. A ver, ¿que diría vostede de TVRBVLENTA? Venus que turba, que axita... Darase conta de que sigo preocupado pola súa expresión malévola. TVRBVLENTA non é un epíteto demasiado malo para Venus —engadín cun ton modesto, pois eu mesmo non estaba moi satisfeito da miña explicación.

—¡Venus turbulenta! ¡Venus a alborotadora! ¡Ah ! ¿E logo pensa que a miña Venus é unha Venus de cabaré? Nada diso, señor; é unha Venus de boa condición. Voulle explicar eu ese TVRBVL... Pero prométame non divulga-lo meu descubrimento antes da impresión da memoria. É que, repare, estou moi orgulloso deste achado... Cómpre que nos deixen algo da colleita para a rebusca a nosoutros pobres diaños de provincianos. ¡Vostedes xa teñen tanto, señores sabios de París!

Desde o alto do pedestal, onde eu seguía empoleirado, prometinlle solemnemente que xamais cometería a indignidade de lle rouba-lo seu descubrimento.

—TVRBVL..., señor —dixo, achegándose e baixando a voz por medo a que algún outro que non fose eu puidese oílo—, lea TVRBVLNERAE.

—Sigo sen comprender.

—Escoite ben. A unha legua de aquí, ó pé da montaña, hai un pobo que se chama Boultenère. É unha corrupción da palabra latina TVRBVLNERA. Estas inversións son moi comúns. Boultenère, señor, foi unha vila romana. Eu sempre o sospeitara, pero nunca atopara a proba. A proba, velaí a está. Esta Venus era a divindade tópica da cidade de Boultenère; e esta palabra de Boultenère, que eu acabo de demostrar que é de orixe antiga, proba unha cousa ben máis curiosa, e é que Boultenère antes de ser vila romana ¡foi vila fenicia!

Parou un momento para respirar e gozar da miña sorpresa. Eu

conseguín reprimir un forte desexo de rir.

—En efecto —proseguíu—, TVRBVLNERA é fenicio puro, TVR pronuncie TUR... TUR e SUR, mesma palabra ¿non é ? SUR é o nome fenicio de Tyr; non necesito recordarlle o significado. BVL é Baal; Bâl, Bel, Bul, lixeiras diferencias de pronunciación. En canto a NERA, créame algunhas dificultades. Estou tentado de crer, a falta de atopar unha palabra fenicia, que vén do grego nerós, húmido, pantanoso. Sería, polo tanto, unha palabra híbrida. Para xustificar nerós heille de ensinar como, en Boultenère, os regatos da montaña forman charcas infectas. Por outro lado, a terminación NERA puido ser engadida moito máis tarde en honor de Nera Pivesuvia, muller de Tetricus, a que lle tería feito algún beneficio á cidade de Turbul. Pero, por causa das charcas, eu prefiro a etimoloxía de /nerós/.

Colleu unha chisco de rapé, moi satisfeito.

—Mais deixemos ós fenicios e volvamos á inscrición. Traduzo, logo: "A Venus de Boultenère Mirón dedica pola súa orde esta estatua, obra súa".

Gardeime ben de critica-la súa etimoloxía, pero quixen, eu tamén, dar probas de penetración, e díxenlle:

—Alto aí, señor. Mirón consagrou algo, pero eu non vexo en absoluto que sexa esta estatua.

—¿Como? —exclamou—. ¿Non era Mirón un famoso escultor grego? O talento perpetuaríase na súa familia: e sería un dos seus descendentes o que faría esta estatua. Iso é seguro.

—Pero —repliquei—, eu vexo no brazo un buraquiño. Penso que serviu para fixar algo, unha pulseira, por exemplo, que ese Mirón lle deu a Venus en ofrenda expiatoria. Mirón era un amante desgraciado. Venus estaba irritada con el: el calmouna ofrecéndolle unha pulseira de ouro. Fíxese que fecit se emprega a miúdo como consecravít. Son termos sinónimos. Amosaríalle máis dun exemplo se tivese a man a Gruter ou a Orelli. É natural que un namorado vexa a Venus en soños, que imaxine que ela lle manda ofrecer unha pulseira de ouro á súa estatua. Mirón ofréndalle a pulseira... Despois os bárbaros, ou ben algún ladrón sacrílego...

—¡Ah! ¡Ben se ve que vostede escribe novelas! —berrou o meu anfitrión dándome a man para baixar—. Non, señor, é unha obra da escola de Mirón. Repare ben no traballo e estará vostede de acordo comigo.

Como eu xurara endexamais contradicir sen reparos ós anticuarios testudos, baixei a cabeza con aire convencido e dixen:

—É unha peza admirable.

—¡Ai, meu Deus! —exclamou o señor de Peyrehorade—. ¡Outro acto vandálico! Xa lle tiraron unha pedra á miña estatua!

Acababa de ver unha marca moi branca un pouco máis arriba do seo da Venus. Eu notei unha marca semellante nos dedos da man dereita, que, supuxen daquela, foran tocados, no seu traxecto, pola pedra, ou ben

desprendérase un fragmento co choque e rebotara na man. Conteille ó meu anfitrión o insulto do que eu fora testemuña e o rápido castigo que seguira. El riu moito e, comparando ó aprendiz con Diomedes, desexoulle que vira, coma o heroe grego, a tódolos seus compañeiros convertidos en paxaros brancos.

A campá do xantar interrompeu esta conversa clásica e, igual cá véspera, obrigáronme a comer por catro. Despois viñeron os caseiros do señor de Peyrehorade; e, mentres que el lles daba audiencia, o seu fillo levoume a ver unha carruaxe que mercara en Toulouse para a súa prometida e que eu admirei, por suposto. Despois entrei con el na corte, onde me tivo media hora a eloxia-los cabalos, a explicarme a súa xenealoxía, a contarme os premios que gañaran nas carreiras do departamento. Por fin faloume da súa futura esposa por causa dunha egua gris que lle destinaba.

—Ímola ver hoxe —dixo—. Non sei se lle parecerá bonita. Vostedes son complicados, en París; pero, aquí e en Perpiñán, todo o mundo a encontra encantadora. O mellor é que é moi rica. A súa tía de Prades deixoulle os seus bens. ¡Oh ! vou ser moi feliz.

Quedei fondamente sorprendido de ver a un mozo que parecía máis impresionado polo dote que polos fermosos ollos da súa futura muller.

—Vostede entende de xoias —proseguiu o señor Alphonse—, ¿que lle parece isto? É o anel que lle vou regalar mañá.

Dicindo isto, sacou da primeira falanxe do dedo maimiño unha grosa sortella de diamantes, formada por dúas mans entrelazadas; alusión que me pareceu infinitamente poética. O traballo era antigo pero xulguei que fora retocada para engarza-los diamantes. No interior da sortella líanse estas palabras en letras góticas: Semp'r' ab ti; é dicir, sempre contigo.

—É unha bonita sortella —dixen—; pero estes diamantes que lle engadiron fanlle perder un pouco do seu carácter.

—¡Oh!, está moito máis bonita así —respondeu el, sorrindo—. Hai aí mil douscentos francos en diamantes. Foi miña nai a que ma regalou. Era unha sortella de familia, moi antiga... do tempo da cabalería. Fora da miña avoa, que xa a herdara da súa. Sabe Deus cando foi feita.

—O costume en París —díxenlle eu— é regalar un anel moi sinxelo, normalmente composto por dous metais diferentes, como ouro e platino. Mire, esoutra sortella, que leva vostede nese dedo, sería moi apropiada. Esta, cos diamantes e coas mans en relevo, é tan grosa que non se podería poñer unha luva por riba.

—¡Bah!, a miña muller terase que amañar como poida. Eu creo que ha estar ben contenta de a ter mil douscentos francos no dedo, é agradable. Esta sortelliña —engadiu, mirando con satisfacción para o anel liso que levaba na man—, esta foi unha muller quen ma regalou, en París, un martes de entroido. ¡Ah!, ¡ como o pasei cando estiven en París, hai dous anos! ¡Alí si que se divirte un!... —e suspirou con nostalxia.

Aquel día tiñamos que cear en Puygarrig, na casa dos parentes da

futura noiva; montamos na carruaxe e dirixímonos ó pazo, situado aproximadamente a unha legua e media de Ille. Fun presentado e acollido como amigo da familia. Non falarei da cea nin da conversación que seguiu, na que case non tomei parte. O señor Alphonse, situado a carón da súa futura esposa, dicíalle algo ó oído cada cuarto de hora. En canto a ela, mal levantaba os ollos e, cada vez que o seu pretendente lle falaba, ruborizábase modestamente, pero respondíalle sen embarazo.

A señorita de Puygarrig tiña dezaioito anos; a súa cintura flexible e delicada contrastaba coas formas óseas do robusto noivo. Non só era fermosa senón tamén seductora. Eu admiraba a perfecta naturalidade de tódalas súas respostas; e o seu aspecto bondadoso, que sen embargo non estaba exento dun lixeiro toque de malicia, recordoume, contra o meu gusto, á Venus do meu anfitrión. Nesta comparanza, que fixen para min, preguntábame se a superioridade en fermosura, que lle había que conceder á estatua, non consistía, en gran parte, na súa expresión de tigresa; porque a enerxía, mesmo nas malas paixóns, excita sempre en nós un asombro e unha especie de admiración involuntaria.

“¡É mágoa”, pensei, saíndo de Puygarrig, “que unha persoa tan amable sexa rica, e que o seu dote faga que a pretenda un home indigno dela!”

Ó regreso a Ille, como non sabía qué lle dicir á señora de Peyrehorade, á que me sentía obrigado a dirixi-la palabra de vez en cando, exclamei:

—¡Son vostedes ben valentes, no Rosellón! ¿Como é que casan en venres, señora? En París somos máis supersticiosos; ninguén ousaría tomar muller en tal día.

—¡Ai Deus!, non me fale —dixo ela—, se dependera de min, certamente habíamos escoller outro día. Pero Peyrehorade quíxoo así, e houbo que ceder. Sen embargo, estou algo desacougada. ¿E se ocorre unha desgracia? Algunha razón ten que haber, pois en fin ¿por que todo o mundo ten medo dos venres?

—¡Venres! —berrou o seu home—. ¡É o día de Venus! ¡Bo día para un casamento! Ben o ve vostede, querido colega, non penso máis que na miña Venus. ¡Palabra!, por causa dela escollín un venres. Mañá, se quere, antes da voda, facémoslle un pequeno sacrificio; sacrificamos dúas pombas, e se eu soubese onde atopar incenso...

—¡Quita de aí, Peyrehorade! —interrompeu a súa muller, escandalizada ó máximo—. ¡Incensar a un ídolo! ¡Que abominación! ¿Que dirían de nós por aí adiante?

—Polo menos —dixo o señor de Peyrehorade—, permitirás que lle poña sobre a testa unha coroa de rosas e lirios:

Manibus date lilia plenis (10).

Xa o ve, señor, a constitución é unha va palabra. ¡Non temos liberdade de culto!

Os actos do día seguinte foron organizados da maneira que segue: todo o mundo debía estar listo e vestido para a ocasión ás dez en punto. Unha vez tomado o chocolate, iríamos en coche a Puygarrig. A voda civil

había que facela no concello da vila, e a cerimonia relixiosa na capela do pazo. Viría logo un xantar. Despois do xantar pasariámo-lo tempo como puidesemos ata as sete horas. Ás sete regresariamos para Ille, á casa do señor de Peyrehorade, onde debían cear as dúas familias reunidas. O resto dedúcese naturalmente. Non habendo baile, quixeran come-lo máis posible.

Desde as oito eu estaba sentado diante da Venus, cun lapis na man, comezando por vixésima vez a cabeza da estatua, sen conseguir capta-la súa expresión. O señor de Peyrehorade ía e viña arredor de min, dábame consellos, repetíame as súas etimoloxías fenicias; despois dispoñía rosas de Bengala no pedestal da estatua e, cun ton traxicómico presentáballe os votos pola parella que ía vivir baixo o seu teito. Contra as nove volveu á casa para se arranxar e, ó mesmo tempo, apareceu o señor Alphonse, cun traxe novo ben axustado, luvas brancas, zapatos de charón, botóns cicelados, unha rosa na botoeira.

—¿Faralle un retrato á miña muller? —dixo, inclinándose sobre o meu debuxo. Ela tamén é bonita.

Nese momento comezaba no terreo de xogo do que xa falei un partido que, inmediatamente, atraeu a atención do señor Alphonse. E eu, canso e desesperando de reproducir aquela diabólica cara, deixei en seguida o debuxo para mirar ós xogadores. Había entre eles algúns arrieiros españois chegados a véspera.. Eran aragoneses e navarros, case todos dunha marabillosa destreza. Así os de Ille, aínda que animados pola presenza e os consellos do señor Alphonse, foron de seguida vencidos por aqueles novos campións. Os espectadores nacionais estaban consternados. O señor Alphonse mirou o reloxo. Aínda non eran máis cás nove e media. A súa nai non estaba peiteada. Non o dubidou máis: quitou o traxe, pediu unha chaqueta e desafiou ós españois. Eu observábo sorrindo e un pouco sorprendido.

—Hai que defende-lo honor do país —dixo.

Entón pareceume verdadeiramente fermoso. Era apaixonado. O seu arranxo, que tanto o preocupaba había un momento, xa non significaba nada para el. Uns minutos antes non se atrevía nin a vira-la cabeza por medo a descompoñe-la gravata. Agora xa non pensaba no cabelo rizado nin nos adornos de encaixe tan ben plisados. ¿E a súa prometida?... Abofé, se fose necesario eu creo que el aprazaría o casamento. Vinlle calzar a toda presa un par de sandalias, remangarse e, con paso firme, poñerse á cabeza do equipo vencido, coma César reunindo os seus soldados en Dirrachium. Saltei a sebe e instaleime comodamente á sombra dun lodoeiro, de modo que puidese ver ben os dous campos.

Contra a expectativa xeral, o señor Alphonse fallou a primeira pelota; ben é verdade que viña a ras de terra e lanzada con sorprendente forza por un aragonés que parecía se-lo xefe dos españois.

Era este un home duns corenta anos, seco e nervioso, de seis pés de alto, e a súa pel olivácea tiña unha tonalidade case tan escura coma o

bronce da Venus.

O señor Alphonse lanzou a raqueta ó chan con furia.

—¡É este maldito anel —exclamou—, que me aperta o dedo e faime perder unha pelota segura!

Quitou, non sen traballo, o anel de diamantes: aproximeime a el para collerllo; pero disuadiume, correu onda a Venus, púxolle o anel no dedo anular, e tornou ó seu posto á cabeza dos de Ille.

Estaba pálido, pero tranquilo e resolto. Dende entón non fixo nin unha soa falta, e os españois quedaron totalmente derrotados. O entusiasmo dos espectadores foi un fermoso espectáculo: uns daban mil berros de ledicia tirando as gorras ó aire, outros apertábanlle as mans, dicíndolle que era a honra do país. Se tivese rexeitado unha invasión dubido de que recibise felicitacións máis vivas e máis sinceras. O desgusto dos vencidos engadíalle emoción á victoria.

—Habemos botar outros partidos, valente —díxolle el ó aragonés cun ton de superioridade—; pero dareille vantaxe.

Gustárame que o señor Alphonse fose máis modesto, e case me deu pena a humillación do seu rival.

O xigante español sentiu profundamente este insulto. Vin como palidecía baixo a pel morena. Miraba con tristeza a raqueta, apertando os dentes; despois, coa voz afogada dixo moi baixo:

—Me lo pagarás.

A voz do señor de Peyrehorade veu perturba-lo triunfo do seu fillo; o meu anfitrión quedou moi sorprendido de non o atopar presidindo os preparativos da nova carruaxe, e aínda o foi máis cando o viu suando coa raqueta na man. O señor Alphonse correu á casa, lavou a cara e as mans, volveu poñe-lo traxe novo e os zapatos de charón, e cinco minutos máis tarde iamos ó trote pola estrada de Puygarrig. Tódolos xogadores da vila e gran número de espectadores seguíronnos con aturuxos de ledicia. Os vigorosos cabalos que nos levaban a penas daban mantido o seu avance entre aqueles intrépidos cataláns.

Xa estabamos en Puygarrig e o cortexo íase poñer en marcha cara ó concello, cando o señor Alphonse, dando un golpe na fronte, díxome baixiño:

—¡Que descoido! ¡Esquecín a sortella! Está no dedo da Venus. ¡Así a leve o diaño! Non llo diga a miña nai. Se cadra non se dá conta de nada.

—Podería vostede mandar a alguén aló —díxenlle eu.

—¡Bah!, o meu criado quedou en Ille. E destes non me fío nada. ¡Mil douscentos francos en diamantes poden tentar a máis de un! Ademais, ¿que pensarían aquí da miña distracción? Burlaríanse de min. Chamaríanme o marido da estatua... ¡Con tal de que non ma rouben! Por sorte, o ídolo dálles medo ós meus galopíns. Non se atreven a achegarse a ela a un brazo de distancia. ¡Boh! tanto ten; teño outro anel.

As dúas cerimonias, civil e relixiosa, celebráronse coa pompa conveniente; e a señorita de Puygarrig recibiu o anel dunha modista de

París, sen sospeitar que o seu prometido facía o sacrificio de darlle unha prenda amorosa. Despois puxémonos á mesa, bebemos, comemos, cantamos mesmo, todo durante moito tempo. Eu sufría pola noiva a causa da alegría ordinaria que estoupaba ó redor dela; sen embargo ela respondía moito mellor do que eu esperara e o seu embarazo non era nin torpeza, nin afectación.

Quizais o valor aparece nas situacións difíciles.

Terminada a comida cando Deus o quixo, xa eran as catro; os homes foron pasear polo parque, que era magnífico, ou contemplaron a danza, sobre o céspede do pazo, das campesiñas de Puygarrig, ataviadas coas súas roupas de festa. Desta maneira pasamos varias horas. Entrementes, as mulleres bulían todas arredor da noiva admirando os regalos de voda, que ela lles amosaba. Despois cambiou de roupa e reparei en que cubrira os seus fermosos cabelos cun gorro e un sombreiro de plumas, pois nada hai máis premente para as mulleres que adoptar, en canto poden, o aderezo que o costume lles prohibe cando aínda están solteiras.

Eran preto das oito cando nos dispuxemos a partir para Ille. Pero antes tivo lugar unha escena patética. A tía da señorita de Puygarrig, que era coma súa nai, muller de moita idade e moi devota, non ía connosco para a vila. Ó partir botoulle á sobriña un conmovedor sermón sobre os seus deberes de esposa, sermón que produciu un torrente de lágrimas e de abrazos e bicos sen fin. O señor de Peyrehorade comparaba esta separación co rapto das Sabinas. Partimos, nembargantes, e, durante o traxecto, todos nos esforzamos por distraer á noiva e por facela rir; pero todo foi en van.

En Ille agardábanos a cea, ¡e que cea! Se a groseira alegría da mañá me chocara, moito peor foi agora polos equívocos e as bromas de que foron obxecto o noivo e sobre todo a noiva. O noivo, que desaparecera un instante antes de se sentar á mesa, estaba pálido e dunha seriedade de xeo. Bebía continuamente un viño vello de Collioure case tan forte coma a augardente. Eu estaba a carón del e sentínme obrigado a advertirlle:

—¡Teña coidado! —din que o viño...

Non sei que trapallada lle dixen para estar a ton cos convidados.

Empuxoume co xeonllo e díxome, moi baixo:

—Cando nos levantemos da mesa..., quero dicirlle dúas palabras.

O seu ton solemne sorprendeume. Mireino con máis atención e notei unha estraña alteración nas súas faccións.

—¿Encóntrase vostede indisposto? —pregunteille.

—Non.

E volveuse pór a beber.

Mentres tanto, no medio dos berros e dos aplausos, un neno de once anos, que se metera debaixo da mesa, mostraba ós asistentes unha bonita fita branca e rosa que acababa de quitar do tornecelo da noiva.

Chámaselle a iso unha liga. Inmediatamente, foi cortada en anacos e repartida entre os mozos, que adornaron con ela a botoeira, seguindo un

antigo uso que aínda se conserva nalgunhas familias patriarcais. Con tal motivo, a noiva púxose colorada ata as orellas. Mais o seu apuro chegou ó colmo cando o señor de Peyrehorade, reclamando silencio, lle cantou uns versos cataláns, improvisados, dixo el. Este é o significado, se entendín ben:

—¿Que pasa, amigos meus? ¿O viño faime ver dobre? Hai dúas Venus aquí...

O noivo virou bruscamente a cabeza con tal cara de susto que fixo rir a todo o mundo.

—Si —proseguiu o señor de Peyrehorade—, hai dúas Venus na miña casa. Unha atopeina na terra coma unha trufa; a outra, que descendeu do ceo, reparte con nós o seu cinto.

Quería dicir a súa liga.

—Fillo, entre a Venus romana e a catalana, escolle a que ti prefiras. O tunante colle a catalana, a mellor. A romana é negra, a catalana é branca. A romana é fría, a catalana inflama todo o que se lle acerca.

Este final levantou tales hurra, tan ruidosos aplausos e risadas tan sonoras, que pensei que nos ía cae-lo teito encima da cabeza. Ó redor da mesa non había máis que tres rostros serios, os dos noivos e o meu. A mín doíame moito a cabeza; e ademais, non sei por qué, as vodas sempre me poñen triste. Aquela, ademais, repugnábame un pouco.

Despois de que o tenente de alcalde cantase as últimas cancións, que eran atrevidas abondo, téño que dicir, pasamos ó salón para deleitarnos coa partida da noiva, que ía ser pronto conducida ó seu cuarto, pois xa case era a media noite.

O señor Alphonse levoume ó peitoril dunha ventá e díxome, desviando a mirada:

—Vaise burlar vostede de mín... Pero non sei o que me pasa... ¡Estou embruxado! ¡ Mal demo me leve!

O primeiro que se me ocorreu foi que se cría ameazado por algunha desas desgracias das que falan Montaigne e Madame de Sévigné: "Todo o imperio amoroso está cheo de historias tráxicas ", etc.

“Eu cría que esa clase de accidentes só lles ocorrían ás persoas de enxeño”, pensei eu.

—Bebeu demasiado viño de Collioure, querido Alphonse, —dixen—. Eu xa llo advertira.

—Si, quizais. Pero isto é algo moito máis terrible.

Tiña a voz entrecortada. Eu pensei que estaba completamente bébedo.

—¿Lémbrase do meu anel? —proseguiu despois dun silencio.

—¿E logo?, ¿roubáronllo?

—Non.

—Nese caso, ¿teno vostede?

—Non... eu... eu non o podo quitar do dedo dese diaño de Venus.

—¡Bah! non tiraría abondo.

—Tirei... Mais a Venus... apertou o dedo.

Mirábame fixamente, sombrío, apoiándose na falleba para non caer.

—¡Que historia! —dixen eu—. Meteulle o anel moi apertado. Mañá cunhas tenaces recupérao. Pero teña coidado de non estraga-la estatua.

—¿Non lle digo que non? O dedo da Venus está dobrado, pregado; aberta a man, ¿comprende?... É coma se fose a miña muller, porque eu lle entreguei o anel... Agora non o quere devolver.

Tiven un arreguizo súbito, e por un momento púxoseme a pel de galiña. Despois, botou un gran suspiro que me lanzou unha bafarada de viño, e toda a emoción desapareceu.

Este desgraciado está completamente bébedo.

—Vostede é anticuario, señor —engadiu o noivo cun acento lamentable—; vostede coñece esas estatuas... se cadra hai un resorte, algunha diabrura, que eu non coñezo... ¿E se fose mirar?

—Encantado —dixen—. Veña comigo.

—Non, prefiro que vaia só.

Saín do salón.

O tempo cambiara durante a cea, e comezaba a cae-la chuvia con forza. Ía pedir un paraugas, cando me detivo unha reflexión. “¡Ben parvo había ser”, pensei, “se fose comproba-lo que di un home bébedo! Ademais, se cadra o que quere é gastarme unha broma pesada para facer rir a estes honrados provincianos; e o menos que me pode pasar é mollarme ata os ósos e pillar un bo catarro.”

Desde a porta boteille unha ollada á estatua que chorreaba auga, e subín ó meu cuarto sen regresar ó salón. Deiteime; máis o sono tardou en chegar. Volvíanme pasar pola cabeza tódalas escenas da xornada. Pensaba naquela moza tan bonita e tan pura abandonada a un borracho brutal. “¡Non hai cousa máis odiosa”, pensaba eu, “que unha voda de conveniencia ¡Un alcalde pon a escarapela tricolor, un cura a estola!, je velaí a rapaza máis honesta do mundo entregada ó Minotauro! Dous seres que non se aman, ¿que se poden dicir en semellante momento, que dous namorados pagarían o prezo da súa existencia? ¿Pode unha muller amar xamais a un home ó que vexa comportarse groseiramente unha vez? As primeiras impresións non se borran, e estou seguro, este señor Alphonse ha merecer ben ser odiado...”

Durante o meu monólogo, que abrevio moito, oíra unha chea de idas e vidas pola casa, portas que se abrían e pechaban, coches que partían; despois pareceume oír pola escaleira lixeiros pasos de varias mulleres que se dirixían ó extremo do corredor oposto ó meu cuarto. Era, probablemente, o cortexo da noiva que a levaba para o leito. Axiña volveran baixa-la escaleira. A porta da señora de Peyrehorade pechárase. “¡Que nerviosa e que incómoda debe estar esa pobre rapaza!” pensei. Eu daba voltas no leito de mal humor. Un rapaz solteiro xoga un mal papel nunha casa onde ten lugar un casamento.

Reinaba o silencio dende había algún tempo, cando foi turbado por uns pesados pasos que subían a escaleira. Os chanzos de madeira estalaron

ruidosamente.

—¡Que bruto! —exclamei—. Apostaría a que vai caer polas escaleiras.

Todo volveu quedar tranquilo. Collín un libro para cambia-lo curso das miñas ideas. Era unha estatística do departamento, ornada cunha memoria do señor de Peyrehorade sobre os monumentos druídicos do distrito de Prades. Á terceira páxina adormecín.

Durmín mal e acordei varias veces. Podían se-las cinco da mañá e xa levaba esperto máis de vinte minutos cando cantou o galo. Ía raia-lo día. Entón oín claramente os mesmos pasos pesados, o mesmo estalar da escaleira que oíra antes de adormecer. Pareceume raro. Bocexando, intentei adiviñar por qué o señor Alphonse se erguía tan cedo. Non imaxinaba nada verosímil. Ía volver pecha-los ollos cando me atraeron a atención de novo unhas estrañas carreiras ás que se uniu de contado un tintinar de campaiñas e o ruído de portas que se abrían con estrépito, despois distinguín berros confusos.

“¡O meu borrachón debeu prender lume nalgún sitio!”, pensei, botándome fóra do leito.

Vestinme rapidamente e saín ó corredor. Do extremo oposto saían berros, e lamentos e unha voz chea de aflicción dominaba ás outras todas:

—¡Meu fillo, meu fillo!

Era evidente que lle ocorrera algunha desgracia ó señor Alphonse. Corrí á cámara nupcial: estaba chea de xente. O primeiro espectáculo que viron os meus ollos foi o mozo medio vestido, atravesado no leito que tiña a madeira partida. Estaba lívido, sen movemento. A súa nai choraba e berraba a carón del. O señor de Peyrehorade axitábase, fregáballe as tempas con auga de Colonia ou poñíalle sales baixo o nariz. Pero, ¡ai!, onde ía que o seu fillo estaba morto. Nun canapé, no outro extremo do cuarto, estaba a noiva, presa de horribles convulsións. Emitía uns sons inarticulados, e dúas robustas criadas case non a daban suxeitado.

—¡ Meu Deus! —exclamei eu—, ¿pero que foi o que pasou?

Achegueime ó leito e levantei o corpo do desgraciado mozo; xa estaba ríxido e frío. Os dentes apertados e a cara denegrida expresaban as máis horribles angustias. Ben se vía que a súa morte fora violenta e a agonía terrible. Ningunha traza de sangue, sen embargo, na súa roupa. Aparteille a camisa e vin, sobre o peito, unha pegada azourida que se prolongaba polas costas e o lombo. Parecía como se fose apertado por un aro de ferro. O meu pé pousouse sobre algo duro que había na alfombra; baixeime e vin a sortella de diamantes.

Arrastrei ó señor de Peyrehorade e á súa muller para o cuarto deles; despois mandei que levasen para alí a noiva.

—Aínda teñen unha filla —díxenlles—, teñen que coidar dela. Entón deixeiños sos.

Non me cabía dúbida de que o señor Alphonse fora vítima dun asasinato os autores do cal atoparan a maneira de introducirse pola noite

no cuarto da noiva. Sen embargo, aquelas mazaduras no peito, a súa dirección circular, estrañábanme moito pois non podían ter sido producidas por un pao ou unha barra de ferro. De repente, acordoume ter oído dicir que en Valencia algúns matóns usaban longos sacos de coiro cheos de area fina para golpear á xente que lles pagaban por matar. Ó momento lembrei ó muleiro aragonés e a súa ameaza; aínda así non me atrevía a pensar que se vingara dun modo tan terrible por unha simple broma.

Fun pola casa, buscando por todas partes vestixios de efracción sen os atopar por ningures. Baixei ó xardín para ver se os asasinos se puideran introducir por alí; mais non encontrei ningún indicio seguro. Por outra banda, chovera tanto a véspera que non podía haber ningunha pegada ben clara no chan. Con todo, observei algúns pasos profundamente imprimidos na terra: ían en dúas direccións contrarias, pero na mesma liña, partindo da esquina da sebe contigua ó campo de xogo e chegaban á porta da casa. Podían se-los pasos do señor Alphonse cando fora busca-lo seu anel no dedo da estatua. Ademais, como a sebe, naquel sitio, era menos espesa que por outras partes, debía ser por alí por onde a franquearan os asasinos. Pasando e volvendo pasar por diante da estatua, parei un instante a considerala. Esta vez, conféseoo, non puiden contemplar sen espanto a súa expresión de maldade irónica; e, coa cabeza chea daquelas escenas horribles das que acababa de ser testemuña, pareceume ver unha divindade infernal aplaudindo a desgracia que golpeaba aquela casa.

Regresei ó meu cuarto e permanecín alí ata o mediodía. Entón saín e pedín noticias dos meus anfitrións. Estaban un pouco máis calmados. A señorita de Puygarrig, ou debería dici-la viúva do señor Alphonse, recobrou o coñecemento. Mesmo falara algo co fiscal do rei en Perpiñán, que andaba daquela de viaxe por Ille, e este maxistrado recibira a súa declaración. Pedíume a miña. Díxenlle o que sabía, e non lle ocultei as miñas sospeitas sobre o muleiro aragonés. Ordenou que fose detido inmediatamente.

—¿Soubo vostede algo pola señora de Alphonse? —pregunteille ó fiscal do rei, cando a miña declaración estivo escrita e asinada.

—Esa desgraciada rapaza virou tola —díxome el, sorrindo tristemente—. ¡Tola!, completamente tola. Isto é o que conta: Estaba deitada, di ela, dende había uns minutos, coas cortinas pechadas, cando se abriu a porta do cuarto e entrou alguén. Nese momento, a señora de Alphonse estaba na beira da cama, mirando cara á parede. Non fixo nin un movemento, persuadida de que era o seu marido. Ó cabo dun momento, o leito renxeu coma se o cargasen cun peso enorme. Tivo moito medo, pero non ousou volve-la cabeza. Cinco minutos, dez minutos quizais... non se dá conta do tempo, pasaron así. Despois fixo un movemento involuntario, ou ben o fixo a persoa que estaba no leito, e sentiu o contacto de algo frío coma o xeo, son as súas palabras. Entón encolleuse na beira tremendo toda ela.

Pouco despois a porta abriuse por segunda vez e entrou alguén que dixo: “Boas noites, miña mulleriña”. Inmediatamente despois descorrerón as cortinas. Oíu un berro afogado. A persoa que estaba na cama, ó lado dela, sentouse e pareceu como se estendese os brazos cara a adiante. Ela virou a cabeza, entón... e viu, di ela, ó seu marido de xeonllos onda a cama, coa cabeza á altura da almofada, entre os brazos dunha especie de xigante verdoso que o apertaba con forza. Di ela, e repetíumolo vinte veces ¡pobre muller!... di ela que recoñeceu... ¿adivíñao vostede? á Venus de bronce, a estatua do señor de Peyrehorade... Dende que está no país todo o mundo soña con ela. Pero volvo ó relato da desgraciada tola. Ante este espectáculo perdeu o coñecemento e, probablemente, dende había uns instantes perdera a razón. Non pode dicir en absoluto canto tempo estivo desvanecida. Cando volveu en si viu de novo o fantasma, ou a estatua, como ela di sempre, inmóbil, coas pernas e a parte de abaixo do corpo na cama, o busto e os brazos estendidos cara a adiante e entre os brazos o seu marido, sen movemento. Cantou o galo. Entón a estatua saíu do leito, deixou cae-lo cadáver e saíu. A señora de Alphonse colgouse da campaiña e o resto xa o coñece vostede.

Trouxeron ó español; estaba tranquilo e defendeuse con moito sangue frío e presenza de ánimo. Polo demais, non negou os propósitos que eu oíra; pero explicáboo pretendendo que non quixera dicir outra cousa senón que ó día seguinte, cando estivese descansado, había lle gañar un partido ó seu vencedor. Acórdome de que engadiu:

—Un aragonés, cando o aldraxan, non agarda ó día seguinte para se vingar. Se eu pensase que o señor Alphonse me quixera insultar, dáballo ó momento unha coitelada no ventre.

Compararon os seus zapatos coas trazas de pasos do xardín; os seus zapatos eran moito máis grandes.

En fin, o hostaleiro na casa do cal paraba, asegurou que pasara toda a noite dándolle fregas e medicamentos a unha das súas mulas que estaba doente.

Ademais, aquel aragonés era un home de boa reputación, moi coñecido na rexión á que viña tódolos anos polo seu comercio. Deixárono marchar, pedíndolle desculpas.

Xa me esquecía da declaración dun criado que fora o último en ver ó señor Alphonse con vida. Foi no momento en que ía subir ó cuarto da súa muller e, chamando a este home, preguntoulle, moi preocupado, se sabía onde estaba eu. O criado respondeu que non me vira. Entón o señor Alphonse suspirou e permaneceu un minuto sen falar, despois dixo: ¡Vaia! ¡Levaríao o demo a el tamén!

Pregunteille a este home se o señor Alphonse levaba a sortella de diamantes cando lle falou. O criado dubidou antes de responder; logo dixo que cría que non, que, de tódolos xeitos, non se fixara moito.

—Se tivera a sortella no dedo —engadiu, rectificando—, había me dar de conta, porque eu pensaba que lla regalara á súa dona.

Ó interrogar a este home sentín algo do terror supersticioso que estendera por toda a casa a declaración da señora de Alphonse. O fiscal do rei miroume sorrindo e eu coideime moito de insistir.

Algunhas horas despois dos funerais polo señor Alphonse dispoñíame a abandonar Ille. O coche do señor de Peyrehorade debíame conducir a Perpiñán. A pesar do seu estado de debilidade, o pobre vello quíxome acompañar ata a porta do xardín. Atravesámolo en silencio, el mal se arrastraba apoiado no meu brazo. No momento de separármonos boteille unha última ollada á Venus. Presentía que o meu anfitrión, aínda que non compartise os terrores e os odios que lle inspiraba a unha parte da súa familia, quería desfacerse dun obxecto que lle recordaría sen cesar a horrorosa desgracia. A miña intención era animalo a que a mandase para un museo. Titubeaba para entrar en materia cando o señor de Peyrehorade volveu maquinalmente a cabeza cara ó lugar a onde me vía mirar fixamente. Viu a estatua, e ó momento rompeu a chorar. Abraceino e, sen ousar dicir palabra, subín ó coche.

Dende a miña partida non souben de ningunha nova información que viñese aclarar aquela misteriosa catástrofe.

O señor de Peyrehorade morreu uns meses despois do seu fillo. No testamento legoume os seus manuscritos que quizais publique un día. Entre eles non atopei a memoria relativa ás inscricións da Venus.

P. S.: O meu amigo o señor de P. acaba de escribirme desde Perpiñán que a estatua xa non existe. Despois da morte do seu home, o primeiro que fixo a señora de Peyrehorade foi mandala fundir para facer unha campá, e, baixo esta nova forma, serve á igrexa de Ille. Pero, engade o señor de P., parece que a mala sorte persegue ós que posúen este bronce. Desde que esa campá soa en Ille a xeadá xa levou as viñas dúas veces.

Notas

1. Montaña que domina o Rosellón, rexión do sur de Francia, entre os Pireneos e o Mediterráneo, que pertenceu a España e na que aínda se fala o catalán.
2. Mosteiro próximo a Ille.
3. Rei de Francia nese momento.
4. Famosos xardíns de París ornados de estatuas, algunhas delas de Coustou.
5. Referencia a Molière, *Amphitryon*.
6. Virxilio, *Eneida*, IV, 33: "Non coñéce-los presentes de Venus".
7. Antiga medida equivalente a 1,944 m (seis pés).
8. O xogo de morra vén sendo o que popularmente se chama "chinchimonis" ou "os chinos".

9. Referencia a Racine. *Phèdre*, I, III.
10. Virxilio, *Eneida* : "Repartide lirios a mans cheas".